

## 2.- Chicas guerreiras

### Organismos e institucións para a igualdade

Para construír unha sociedade máis solidaria, pero, sobre todo, máis libre, máis xusta e democrática é condición imprescindible que lexisladores, gobernos, institucións, e a cidadanía, recoñezan e defendan os dereitos das mulleres, promovendo a eliminación de calquera das formas de discriminación que se produciron ao longo da historia pola falta de recoñecemento deses dereitos.

#### Para saber máis:

As **deputacións provinciais** son os órganos de goberno das provincias e administrativamente forman parte da administración local.

Cooperan cos concellos fundamentalmente en materias como o saneamento, o urbanismo ou o benestar social.

Neste sentido, as 4 deputacións galegas teñen servizos relacionados coa igualdade

- **A Coruña:** <https://www.dacoruna.gal/servizos-sociais/area-igualdade>
- **Lugo:** <http://www.deputacionlugo.gal/gl/temas/benestar/home>
- **Ourense:** <http://benourense.depourense.es>
- **Pontevedra:** <https://www.depo.gal/temas-igualdade>



Fronte aos problemas de desigualdade perante a lei, de desigualdades específicas que, xa de partida, sofren moitas mulleres e de políticas e institucións que provocan ou que axudan a perpetuar estas desigualdades é necesario reflexionar sobre o que se debería facer: cambio de leis que garantan a igualdade; creación de servizos; deseño e posta en marcha



de actividades, proxectos e programas concretos e específicos; reorganización de procesos e procedementos políticos... Se non se coñecen as estruturas sociais e as relacións de poder que elaboran esas leis e esas políticas e que condicionan, ademais, a economía, as relacións sociais, en definitiva, a vida, tanto privada como pública, resulta

máis complicado esixir e garantir os dereitos das mulleres.

Interesa, polo tanto, coñecer os diferentes organismos e institucións que no ámbito internacional, dos estados, comunidades e no ámbito local promoven ou loitan por conseguir os instrumentos legais que axudan a identificar, promover, difundir e salvagardar eses dereitos e que, ademais, motivan e proporcionan moitas ferramentas para facer efectivos eses dereitos coa finalidade de conseguir un mundo sen discriminación e libre de violencias contra a muller polo mero feito de selo.

## Para ver



Algunhas películas poden servir para debater sobre o papel da muller na sociedade ao longo da historia. Aquí tes algúns exemplos que se poden axustar ao alumnado de diferentes idades.

- Mark Andrews, M., Chapman, B. e Purcell, S. (directores). (2012). *Brave (Indomable)* [cinta cinematográfica]. EEUU.: Walt Disney Pictures, Pixar.

**Sinopse:** Trazar un camiño propio na vida non é doado cando se nace muller...

**Trailer:** [https://www.youtube.com/watch?v=vHOC1Kd\\_zhw](https://www.youtube.com/watch?v=vHOC1Kd_zhw)

- Maña, L. (directora). (2010). *Ni dios, ni patrón, ni marido* [cinta cinematográfica]. Arxentina.: Instituto Nacional de Cine y Artes Audiovisuales (INCAA) / San Luis Cine

**Sinopse:** O primeiro xornal feminista, anarquista redactado por mulleres na Arxentina, *La voz de la mujer* para denunciar a dobre explotación á que está sometida a muller: de clase e de xénero.

**Trailer:** <https://youtu.be/LLh8AX0tcY0>



Licenciado baixo a [Licenza Creative Commons Reconeimento Compartir igual 4.0](https://creativecommons.org/licenses/by/4.0/)

María Miragaya